

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE AGOSTO DE 2016**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA .....	7
5.1.	Temperatura media das máximas. ....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2016.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual Agosto2016 .....	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	20
6.3.	Días de chuvia en agosto de 2016.....	21
6.4.	Evolución da precipitación en agosto de 2016.....	23
7	VENTO .....	24
8	RADIACIÓN SOLAR .....	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	29
9	RAIOS.....	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 14-09-2016

**Mes seco e moi cálido, con fortes treboadas na segunda quincena..**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

**Táboa 0.1.** Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

**Táboa 0.2.** Cualificación do mes en función da precipitación.

## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de agosto estivo en xeral caracterizado pola presenza maioritaria de episodios anticiclónicos que aportaron tempo en xeral seco e soleado, con elevadas temperaturas. Sen embargo a entrada de aire frío na cuarta semana propiciou a aparición de fenómenos treboentos que nalgúns lugares deixaron chuvascos importantes, polo que a característica de seco non se pode estender de xeito homoxéneo a toda a Comunidade.

O mes comezou con altas presións e 3 xornadas de tempo seco e soleado, cunha xornada de temperaturas altas o día 2. O día 4 un sistema frontal pouco activo atravesaba a Comunidade, polo que durante a madrugada tivemos un aumento das nubes que deixaron algunhas chuvias febles na primeira metade do día, que afectaron soamente á metade oeste.

Sen embargo este empeoramento foi moi transitorio, posto que xa pola tarde dese día 4 as altas presións entraron de novo na Comunidade e os ceos foron quedando limpos de nubes. O novo período anticiclónico estendeuse durante 12 xornadas consecutivas, aínda que con características diferentes.

Así, o 5 de agosto o anticiclón comezou o día en Azores pero foise movendo cara ao norte da península Ibérica. Isto achegou unha masa de aire procedente do norte de África que propiciou un importante e significativo aumento nas temperaturas, tanto máximas como mínimas, nas xornadas do 6, 7 e 8. O día 7 foi o día máis caloroso do mes e do ano 2016, con varios puntos da Comunidade superando os 40°C.

En canto as mínimas compre destacar os numerosos puntos que tiveron noites nas que o termómetro non descendeu en ningún momento dos 20°C destacando neste caso a mínima de 24.6°C na estación do Campus de Vigo.

Esta situación cambiou o día 9, coa entrada dunha masa de aire máis fresca e húmida procedente do Atlántico que ocasionou un importante descenso das temperaturas. O máis salientable nesa xornada do día 9 non foi esa baixada, senón o feito de que a formación dunha baixa térmica no centro de península Ibérica propiciou un corredor de isóbaras que provocou a presenza de ventos moi intensos e constantes do nordeste durante os días 9 e 10, chegando a superarse mesmo os 100 km/h en puntos elevados da metade oeste galega.

O día 11 estes ventos comezaron a remitir e a situación continuou dominada polas altas presións, deixando polo tanto entre o 11 e o 16 días secos e con temperaturas altas, agás no

litoral oeste onde a partir do día 13 a persistencia das altas temperaturas e as brisas propiciaron a entrada de néboas costeiras.

Esta situación anticiclónica rematou o día 17 co achegamento dun centro de baixas presións cunha fronte asociada que deixaba ceos anubrados e chuvias débiles pola mañá. Nesa mesma tarde entraban de novo as altas presións, deixando o día 18 ceo despexado e temperatura propia da época do ano, pero un novo sistema frontal, algo máis activo que o anterior, deixaba chuvia o día 19.

Un novo período anticiclónico tivo lugar entre o 20 e o 23, localizándose as altas presións novamente sobre o Golfo de Biscaia os días 22 e 23, de xeito que a chegada novamente de aire africano deixou temperaturas superiores aos 35°C na metade sur. A entrada nas capas medias e altas da atmosfera de aire frío, combinado coa presenza deste aire cálido deixou o día 24 importantes fenómenos tormentosos, concentrados principalmente no leste da Comunidade, rexistrándose 9506 raios durante toda a xornada.

No día 25 a chegada dunha fronte pouco activa deixou aumento de nubes e descenso de temperatura no oeste, quedando o leste con sensación de bochorno e algún fenómeno tormentoso.

A partir do 26 e xa ata o derradeiro día do mes, unha nova situación anticiclónica deixou predominio de tempo seco e soleado, principalmente polas tardes.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

A presenza de gran parte do mes de episodios anticiclónicos sobre Galicia reflíctese nos seguintes mapas de anomalías de presión. En superficie (Figura 1), destaca especialmente o aire máis cálido no Cantábrico con respecto á Comunidade. As entradas de aire cálido resultaron máis evidentes en altura (Figura 2), como mostra a anomalía positiva que se aprecia sobre a metade oeste da Península.



### Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar Agosto 2016




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

### Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Agosto 2016




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	AGOSTO 2016 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.3/20.1	19.6	21.5 (2003)	17.0 (1963)
Tª mínima media	16.5/16.7	16.4	18.1 (2003)	14.0 (1951)
Tª mínima absoluta	14.5/14.7 (día 18/21)	9.4 (17/08/1953)		
Tª mínima máis alta	18.0/18.2 (día 19)	22.8 (20/08/1993)		
Tª máxima media	22.1/23.6	22.7	25.0 (2003)	19.6 (1963)
Tª máxima absoluta	27.9/30.1 (día 12)	39.6 (28/08/1961)		
Tª máxima máis baixa	18.8/19.5 (día 25)	16.0 (30/08/1956)		
Precipitación acumulada	7	21-36	158 (1946)	0 (1940)
Días de chuvia (≥1mm)	2	6	15 (1946)	0 (1940)

*Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas o mes resultou moi cálido. A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia que foi menos da metade do valor climático normal.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1931-2016 Temperatura: 1948-2016

## SANTIAGO

	AGOSTO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	21.6	19.9	23.2 (2003)	17.1 (1986)
Tª mínima media	14.6	14.6	17.4(2003)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	11.5 (día 18)	7.3 (29/08/1986)		
Tª mínima máis alta	17.7 (día 25)	23.9 (20/08/1993)		
Tª máxima media	28.6	25.2	28.9 (2003)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	36.6 (día 22)	39.7 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	23.3 (día 4)	16.7 (30/08/1992)		
Precipitación acumulada	13	38-52	210 (2004)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	3	5	12 (2004)	1 (1998)

*Comentario: Mes moi cálido nas máximas e nas medias, mentres que para as mínimas o mes resultou normal.*

*A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que este mes considérase moi seco. O número de días de chuvia tamén, foi inferior ao agardado.*

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación: 1982-2016. Temperatura: 1982-2016





## LUGO

	AGOSTO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.6	19.1	22.0 (2003)	16.8 (1982)
Tª mínima media	12.4	12.8	14.8 (2003)	10.6 (2000)
Tª mínima absoluta	8.1 (día 21)	3.5 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	17.6 (día 26)	20.2 (28/08/2015)		
Tª máxima media	28.9	25.4	29.2 (2003)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	36.8 (día 22)	40.5 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	22.2 (día 9)	14.0 (06/08/1982)		
Precipitación acumulada	9	22-35	91 (1992)	0 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	2	4	10 (1983)	0 (1988)

*Comentario: Mes moi cálido en canto as temperaturas máximas e medias, porén tendo en conta as mínimas resultou lixeiramente frío. A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia foi a metade do agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	AGOSTO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	22.1	20.5	22.7 (2003)	17.0 (1963)
Tª mínima media	15.7	14.7	17.6 (2003)	11.2 (1963)
Tª mínima absoluta	12.1 (día 20)	3.4 (08/08/1971)		
Tª mínima máis alta	19.7 (día 8)	22.5 (03/08/2003)		
Tª máxima media	28.6	26.3	29.3 (2006)	22.7 (1977)
Tª máxima absoluta	37.7 (día 8)	38.3 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	21.7 (día 13)	17.0 (29/08/1963)		
Precipitación acumulada	20	29-59	139 (2004)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	4	5	12 (2004)	0 (1981)

*Comentario: Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas. A chuvia rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco, mentres que o número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ao agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2016



**OURENSE**

	AGOSTO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	24.1	22.6	25.5 (2003)	19.2 (1977)
Tª mínima media	14.8	14.5	17.3 (2003)	11.5 (1985)
Tª mínima absoluta	9.5 (día 20)	5.6 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	20.4 (día 25)	23.2 (22/08/1980)		
Tª máxima media	33.4	30.6	34.0 (1998)	24.9 (1977)
Tª máxima absoluta	40.5 (día 7)	42.2 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	27.1 (día 19)	18.0 (30/08/1974)		
Precipitación acumulada	20	16-23	88 (1976)	0 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	2	4	8 (1983)	0 (2009)

*Comentario: Mes moi cálido debido principalmente ás máximas e as medias, mentres que tendo en conta as temperaturas mínimas o mes resultou normal. A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais, porén, o número de días de chuvia foi a metade do agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2016

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas medias foron superiores en xeral ás agardadas nun mes de agosto, principalmente pola persistencia anticiclónica e a chegada de masas de aire cálido procedente do norte de África, destacando as elevadas temperaturas da situación do 6, 7 e 8 de agosto con moitos puntos superando os 40°C e noites tropicais en zonas da metade sur.

### 5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de agosto para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 27.4 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na Mariña Luguesa e zona do cabo Ortegal, con valores próximos aos 18 °C. Os valores máis altos (preto dos 35 °C) rexistráronse principalmente no Miño Ourensá, na zona de Verín, comarca de Valdeorras, na comarca de O Condado e incluso na zona de Monforte.





Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de agosto de 2016.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.


O valor medio das temperaturas mínimas no mes de agosto para o territorio galego foi de 13.1 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no concellos de Calvos de Randín, cun valor moi próximo aos 7 °C, e os máis altos en todo o litoral, pero especialmente nas Rías Baixas destacando a comarca de Vigo, onde se acadaron valores de case 20 °C.



**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de agosto de 2016.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de agosto, tendo en conta a media dos valores do mapa, presentou unha anomalía de máis de 1.6 °C. Como se pode ver no mapa da figura 3, houbo un gran contraste entre as comarcas de Bergantiños e A Coruña con anomalías que resultaron negativas, próximas a -0.5 °C, e o resto da Comunidade. Isto débese principalmente a que os ventos de nordés xeran nubes baixas nestas zonas. En canto as anomalías máis altas, destaca principalmente O Baixo Miño, a Serra do Suído, pero tamén o leste da provincia de Lugo con valores maiores de 3 °C.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de agosto respecto al período 1981-2010.

A táboa 1 mostra as anomalías máis altas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Como se pode ver, as anomalías máis elevadas, déronse principalmente na provincia de Ourense, Lugo e Pontevedra, predominando as zonas altas e o Baixo Miño.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Castrelo do Val	Ourense	3.1
Vilardevós	Ourense	3.1
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.0
Vilariño de Conso	Ourense	3.0
Gondomar	Pontevedra	3.0
Triacastela	Lugo	2.9
Ríos	Ourense	2.8
Mezquita (A)	Ourense	2.8
Baiona	Pontevedra	2.8
Samos	Lugo	2.8

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de agosto de 2016.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Malpica de Bergantiños	A Coruña	-0.6
Ponteceso	A Coruña	-0.4
Carballo	A Coruña	-0.3
Arteixo	A Coruña	-0.3
Camariñas	A Coruña	-0.2
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-0.1
Laxe	A Coruña	0.0
Laracha (A)	A Coruña	0.0
Coristanco	A Coruña	0.2
Muxía	A Coruña	0.2

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de agosto de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. A comarca de Bergantiños presentou as anomalías máis baixas de temperatura, resultando nalgúns locais lixeiramente frío.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de agosto de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada máis calorosa tendo en conta ambas altitudes foi a do 7.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2016</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
07/08/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	44.2
07/08/2016	Remuíño	Arnoia	Ourense	42.5
07/08/2016	Areas	Tui	Pontevedra	42.3
07/08/2016	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	42.3
07/08/2016	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	41.9
07/08/2016	O Viso	Redondela	Pontevedra	41.4
07/08/2016	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	41.3
07/08/2016	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	41.3
07/08/2016	Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	40.8
07/08/2016	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	40.7

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2016 a altitude menor de 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2016</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
07/08/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	35.2
07/08/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	33.8
07/08/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	33.6
08/08/2016	Xurés	Muiños	Ourense	33.4
07/08/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	33.3
07/08/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	33.0
07/08/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	31.8
07/08/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	30.9
07/08/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	30.5
22/08/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	29.5

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2016 a altitude agosto de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de agosto de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Por enriba dos 1000m destacan as xornadas do 10 e o 20 e por debaixo as do 11 e 22..

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2016</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
20/08/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	3.0
20/08/2016	Xares	A Veiga	Ourense	3.7
10/08/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	4.0
10/08/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.5
20/08/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	4.7
29/08/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	4.8
10/08/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	5.0
10/08/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	5.6
10/08/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	6.8
20/08/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	7.1

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2016 altitude superior a 1000 m.


<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2016</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
21/08/2016	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	1.1
03/08/2016	Lanzós	Vilalba	Lugo	3.0
21/08/2016	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	3.4
21/08/2016	Baltar	Baltar	Ourense	4.1
21/08/2016	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	4.5
21/08/2016	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	4.6
11/08/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	5.2
21/08/2016	Morelle	Sarria	Lugo	5.6
21/08/2016	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	5.6
11/08/2016	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	5.9

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2016 altitude inferior a 1000m.



#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.


Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016 para esta serie foi 21.2 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para agosto.

A anomalía media da temperatura para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.3 °C, similar ao 2013, e fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. O ano máis próximo cunha anomalía claramente superior foi o 2003, ano coa anomalía positiva máis alta da serie.

Estas anomalías positivas foron máis acusadas nas máximas (2.55 °C), onde se acadou o valor máis alto da serie, xunto coa do ano 2003. As mínimas, sen embargo, presentaron unha anomalía de tan só 0.1°C.




**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en agosto, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións foron en xeral moi escasas, xa que unicamente 3 sistemas frontais conseguiron chegar á nosa Comunidade e dous deles, os dos días 4 e 17, deixaron soamente chuvia feble no oeste. A fronte do día 19 foi algo máis intensa, sendo a única xornada de todo o mes con chuvias xeneralizadas. Os outros episodios de chuvia estiveron asociados aos episodios tormentosos dos días 24 e 25 que fixeron que no interior algún punto concreto acadase ou mesmo superase os valores normais dun mes de agosto.

A chuvia media no mes de agosto obtida a partir dos valores do mapa foi de 20 L/m<sup>2</sup>. O carácter treboento da precipitación fixo que nalgúns lugares, se acadasen valores normais de precipitación, mesmo que fosen húmidos, de xeito moi localizado. Foron moi significativos os valores acadados en Sober, Ribas de Sil, e parte da comarca de Terra de Caldelas máis de 20 L/m<sup>2</sup> acumulados en menos de dúas horas. Ou as estacións de Fontaneira (Baleira) ou Xesteiras (Cuntis) que superaron os 40 L/m<sup>2</sup> mensuais. Houbo zonas como A Mezquita, que tan só rexistraron 4 L/m<sup>2</sup> neste mes de agosto.


### 6.1. Precipitación acumulada mensual Agosto2016



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de agosto de 2016.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.


No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de agosto con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na Ribeira Sacra, con valores de 60% por riba do normal. Isto contrasta ca meirande parte da Comunidade, na que choveu ata un 53% menos do normal, e mesmo nalgúns lugares a porcentaxe foi menos dun 80% do normal.. Así o conxunto da Comunidade o mes considérase seco en canto á precipitación.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de agosto de 2016.

### 6.3. Días de chuvia en agosto de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ ) foi de 3.4. Os valores máximos obtivéronse principalmente na Mariña Luguesa e o leste da provincia de Lugo, debido en gran parte as treboadas do 24, 25 e 26, aínda así ten un valor moi próximo a 7. Os valores máis baixos déronse principalmente no sur Comunidade, onde nalgúñas localidades non se chegou aos 2 días de chuvia. Cabe destacar, cómo nestas poucas xornadas, por exemplo, en Ourense, acadáronse os valores normais de precipitación.



**Figura 10:** Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de agosto de 2016.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de agosto. Os rexistros máis altos de precipitación déronse entre as xornadas do 19, de chuvia xeneralizada e o 24 de agosto, na que se rexistraron moitas treboadas, rexistraron a meirande cantidade da precipitación mensual nestas estacións, como se pode ver da comparación das dúas táboas.

Precipitacións acumuladas máximas en agosto de 2016			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	45
Fontaneira	Baleira	Lugo	43
Labrada	Abadín	Lugo	40
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	40
Corno do Boi	Friol	Lugo	39
Aldea Nova	Narón	A Coruña	37
Alto de Cerredo	A Fonsagrada	Lugo	36
Burela	Burela	Lugo	36
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	35
Cespón	Boiro	A Coruña	35


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de agosto de 2016.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Cespón	Boiro	A Coruña	26	18/08/2016 12:40
Marroxo	Monforte	Lugo	23	14/08/2016 18:50
CMuiño	Zas	A Coruña	22	18/08/2016 6:20
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	22	18/08/2016 6:10
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	21	24/08/2016 3:10
PonteBoga	Castro Caldelas	Ourense	21	14/08/2016 18:20
Olas	Mesía	A Coruña	21	24/08/2016 8:20
Muralla	Lousame	A Coruña	21	18/08/2016 9:00
CBoi	Friol	Lugo	21	24/08/2016 4:30
A.Cerredo	A Fonsagrada	Lugo	20	24/08/2016 4:10

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de agosto de 2016.


#### 6.4. Evolución da precipitación en agosto de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 17 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2016 para agosto.

A anomalía media das precipitacións para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 56 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como seco. Os anteriores agostos máis secos foron 2013 e 2010, nos que choveu ata un 80% menos do normal..



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en agosto, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse os días nos que houbo estacións que rexistraron refachos máximos superiores aos 100 km/h. Como se pode apreciar, nas xornadas do 9, 10 e 11, rexistráronse refachos de vento moi elevados, o que é pouco habitual con ventos de compoñente predominante do nordés. Ademais, houbo moitas localidades que rexistraron nestas xornadas, ventos superiores aos 70 km/h. Por último, destaca, non tanto a intensidade do vento, como a súa persistencia, que se ve reflectida nuns elevados valores de velocidade media (non mostrado).

Como se pode observar nas táboas 11, 12, 13 e 14, a porcentaxe de calmas é moi elevada en practicamente tódalas estacións.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en agosto				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
09/08/2016	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	117.7
10/08/2016	Lira	Carnota	A Coruña	108.0
11/08/2016	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	103.2
09/08/2016	Castrove	Poio	Pontevedra	102.3
09/08/2016	Muralla	Lousame	A Coruña	100.1

**Táboa 10:** Refachos máximos de vento por enriba dos 100km/h en agosto de 2016.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	108.0	NE	19		
		Día 10				







PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Pta. Candieira	Cedeira	103.2	NE	11		
		Día 11				
Malpica	Malpica	73.5	E	9		
		Día 9				
Marco da Curra	Monfero	57.8	NE	7		
		Día 10				







**Táboa 11:** Resumo do vento no mes de Agosto de 2016 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	52.2	E	14		
		Día 7				



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	85.5	NE	20		
		Día 24				

**Táboa 12:** Resumo vento no mes de Agosto de 2016 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muíños	55.0	E	9		
		Día 22				
Rodicio	Maceda	58.2	NE	12		
		Día 9				
Gandarela	Celanova	48.9	NO	46		
		Día 24				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de Agosto de 2016 na provincia de Ourense.




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	92.9	E	15	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Fornelos-A3 # 08/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Fornelos-A3 # 08/2016</p>
		Día 9				
Ons	Bueu	77.4	NE	8	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Ons-A4 # 08/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ons-A4 # 08/2016</p>
		Día 9				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de Agosto de 2016 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual




1800 2025 2251 2477

**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de Agosto de 2016.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 8777 raios en Galicia, dos que 6359 detectáronse o día 24, que resultou ser o terceiro día no que máis raios se detectaron dende que se empezaron a rexistrar raios na nosa rede (2010). Estes raios caeron principalmente na provincia de Lugo. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.




**Figura 15:** Número de raios rexistrados en Galicia en agosto de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias. Destaca a provincia de Lugo.



**Figura 16:** Número de raios rexistrados por provincias en agosto2016.

Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en agosto en Galicia dende o ano 2010 ao 2016. En agosto de 2016 rexistráronse máis raios que nos 6 anos anteriores xuntos.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en agosto dende 2010 a 2016.



Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 8

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada		
<b>A Coruña</b>																												
A Gándara	17.7	22.65	30.9	22	14.2	11.8	11	30	15.0	19	-78	79	96	55	67	289	2184	19	86	9	973	9	0					
Aldea Nova	18.7	23.67	31.4	22	14.7	12.2	18	36	13.0	4	-81	79	95	58	60	260	1971	8	63	11	988	8	0					
Arzúa	19.3	27.35	35.2	22	12.1	7.3	18	22	10.0	24	-132	72	95	43	70	299	2262	7	57	10	977	5	0					
*Camariñas	18.5	20.99	24.8	12	16.0	11.3	13	13	7.0	19	-128	79	88	65	72	310	2329	20	86	9	1019	3	0					
Cariño	18.9	21.31	25.4	23	16.4	13.0	21	15	4.8	4	-97	87	97	73	60	259	1971	13	53	11	1020	7	0					
Cespón	21.7	29.33	39.6	7	15.7	10.7	14	34	26.0	19	-135	67	88	40	77	331	2332	9	60	10	1014	3	0					
CIS Ferrol	20.1	25.72	34.5	22	15.5	11.7	21	23	12.3	19	-117	78	95	55	68	294	2098	10	63	10	1016	6	0					
Corrubedo	20.6	26.51	39.0	7	16.0	12.1	13	18	12.5	19	-149	69	86	48	72	307	2335	9	70	11	1016	3	0					
Coruña-Dique	18.4	21.09	25.2	7	15.9	13.0	21	12	7.2	19	-	-	-	-	-	-	-	14	63	9	1020	5	0					
Coruña-Torre de Hércul	19.1	22.07	27.9	12	16.5	14.5	18	7	5.1	19	-	78	89	64	-	-	-	-	-	-	-	-	-	4	0			
*Costa	20.5	29.29	38.3	7	13.9	10.8	20	15	6.4	19	-	74	97	44	-	-	-	3	35	9	1000	4	0					
*Coto Muiño	18.5	26.01	34.1	22	12.3	6.7	13	32	20.9	19	-	80	98	52	-	-	-	3	39	8	-	7	0					
Fontecada	18.8	26.07	34.4	22	13.1	8.7	18	26	21.2	19	-106	72	93	42	70	300	2148	11	65	9	978	6	0					
*Guísamo	19.7	25.17	34.0	22	15.1	12.2	21	29	15.4	19	-	70	87	49	-	-	-	3	35	10	1000	4	0					
*Lesende	20.4	27.43	37.3	7	14.9	12.2	20	30	17.1	19	-137	64	83	39	70	301	2295	5	49	10	999	5	0					
Lira	20.2	24.98	35.3	7	15.9	11.5	14	24	11.4	19	-142	71	89	52	75	321	2349	17	107	10	-	5	0					
Mabegondo	19.5	26.71	36.1	22	12.7	8.0	21	17	6.5	25	-118	78	96	53	66	285	2098	6	52	10	1009	4	0					
Malpica	17.9	21.52	29.1	12	15.1	13.3	21	9	5.3	19	-103	85	97	68	67	288	2133	19	73	9	1001	3	0					
Marco da Curra	18.0	24.17	32.5	22	13.2	10.8	18	25	8.6	19	-93	73	93	48	67	288	2098	14	57	10	946	5	0					
Melide	19.7	28.49	36.2	22	12.3	8.0	3	27	16.2	24	-108	69	94	39	75	323	2395	7	65	9	965	5	0					
Muralla	18.7	24.84	33.8	7	14.1	10.4	11	31	20.9	19	-104	71	91	46	74	316	2213	25	100	9	944	5	0					
*O Val	19.7	25.02	33.0	22	14.7	10.6	21	21	8.3	4	-	81	96	61	-	-	-	4	82	4	1012	5	0					
Olas	18.6	26.81	35.1	22	12.3	9.3	18	31	10.7	25	-105	78	99	49	66	273	2087	9	50	9	-	6	0					
*Ordes	19.1	26.87	33.6	22	12.3	6.6	13	9	4.3	19	-	75	96	48	-	-	-	5	49	10	988	4	0					
*Paramos	18.8	26.01	34.2	22	13.2	9.9	21	14	11.2	19	-	77	97	50	-	-	-	8	55	9	978	4	0					
*Pazo de Galegos	20.6	28.79	36.8	7	14.4	11.0	20	15	8.5	24	-134	72	94	45	71	303	2267	4	39	9	993	3	0					
Punta Candieira	18.7	22.12	31.6	22	16.1	14.8	21	15	6.0	25	-112	81	95	63	64	278	2107	24	103	11	990	7	0					
Punta Langosteira	17.8	19.79	22.4	12	15.9	13.8	13	2	1.7	19	-	90	97	78	69	296	2107	12	63	19	1018	3	0					
Río do Sol	17.5	23.06	32.8	22	13.3	10.6	11	21	15.1	19	-101	80	97	56	68	293	2138	19	67	9	958	6	0					
*Rus	18.7	25.57	35.3	22	12.2	7.9	11	20	16.2	19	-	81	99	56	-	-	-	3	38	9	1004	5	0					
Sálvora	19.1	23.32	34.2	7	16.3	13.4	13	14	9.6	19	-116	78	90	61	77	328	2343	17	82	9	-	3	0					
Santiago-EOAS	20.4	28.63	36.6	22	14.6	11.5	18	12	6.8	19	-135	69	91	40	65	280	2193	7	56	10	990	4	0					
Santiago-San Lázaro	19.6	26.55	34.8	7	14.1	10.4	21	9	4.4	19	-	70	91	43	73	312	2317	11	59	9	984	3	0					
Sergude	20.5	29.5	39.2	7	13.8	10.6	18	21	9.9	19	-	71	95	39	62	267	2051	-	-	-	-	3	0					
Serra da Faladoira	17.0	21.08	30.8	22	13.5	11.2	11	34	9.8	19	-74	84	99	63	59	257	2046	19	81	11	955	7	0					

\* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.  
--No hay datos  
- No se mide este parámetro en esta estación.





Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 8

Provincia	Tª °C				Tª Máxima °C				Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max	Min	Insolación %		Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada				
Lugo																											
A Pontenova	18.1	24.3	34.9	22	13.8	10.0	21	23	8.6	24	-	82	97	59	--	--	1898	-	-	-	-	-	-	-	5	0	
Abradelo	19.6	28.14	34.8	22	13.0	7.7	20	15	6.2	24	-	66	90	36	74	316	2285	-	-	-	-	-	-	-	7	0	
*Alto de Cerredo	18.0	23.81	31.1	22	13.1	8.3	11	36	17.7	24	-	71	90	47	-	-	-	5	51	9	911	-	-	-	6	0	
*Alto do Faro	18.2	24.9	31.8	22	12.5	8.9	11	10	5.2	19	-	68	91	40	-	-	-	8	54	9	925	-	-	-	4	0	
*Alto do Poio	17.6	23.05	29.5	22	12.1	4.9	10	27	6.8	14	-	62	87	37	-	-	-	9	63	15	-	-	-	-	8	0	
Ancares	18.0	23.9	30.5	7	12.4	5.6	10	21	7.2	14	-151	57	84	32	74	319	2267	12	85	24	870	-	-	-	8	0	
*Borreiros	19.0	24.54	29.7	15	13.8	10.3	21	24	11.2	24	-90	78	95	56	53	229	1778	5	40	11	1013	-	-	-	6	0	
Bóveda	20.8	30.66	36.9	23	12.7	7.9	21	21	11.6	24	-142	65	92	31	74	318	2287	6	55	9	970	-	-	-	4	0	
Burela	17.5	20.58	30.5	22	14.8	12.4	11	36	12.6	25	-72	86	98	70	54	234	1874	12	52	7	-	-	-	-	6	0	
Campus Lugo	19.8	28.85	36.8	22	12.4	8.1	21	8	4.4	24	-126	71	95	38	63	269	2164	6	46	10	973	-	-	-	3	0	
Castro R. de Lea	18.7	27.38	36.3	22	11.6	5.6	21	13	4.9	19	-	75	96	44	66	283	2076	-	-	-	972	-	-	-	5	0	
Conchada	20.9	30.03	36.9	7	13.8	9.1	20	13	5.4	15	-	68	92	38	72	308	2385	-	-	-	-	-	-	-	5	0	
Corno do Boi	17.9	25.05	33.3	22	12.5	9.4	11	36	18.0	24	--	75	96	45	73	315	2299	13	68	9	-	-	-	-	7	0	
Courel	20.4	29.28	36.8	7	13.3	8.1	29	21	5.4	24	-151	59	87	30	74	318	2289	8	70	14	932	-	-	-	8	0	
*Fontaneira	18.2	25.04	32.1	22	12.5	8.2	21	42	17.6	24	-108	72	92	48	68	291	2292	4	41	9	915	-	-	-	8	0	
Foz	18.4	22.45	28.1	15	14.3	11.1	12	14	4.4	26	-98	84	96	67	58	249	1983	9	56	19	1013	-	-	-	7	0	
Fragavella	16.7	21.53	32.0	22	11.8	7.6	3	30	10.8	24	--	85	99	64	56	244	1932	11	66	19	952	-	-	-	7	0	
Guitiriz-Mirador	17.9	24.6	32.8	22	12.9	10.2	20	27	9.3	24	-117	75	94	48	69	299	2186	12	62	9	942	-	-	-	5	0	
*Labrada	17.3	22.37	32.6	22	13.2	10.4	21	39	13.6	24	-71	77	94	54	-	-	2003	9	-	-	-	-	-	-	8	0	
*Lanzós	17.4	25.7	34.1	22	9.5	3.0	3	29	8.9	19	-	76	95	47	-	-	-	5	57	10	965	-	-	-	5	0	
*Lourenzá	19.0	25.42	34.2	22	12.9	8.3	21	14	8.4	24	-	81	98	60	-	-	-	3	32	9	-	-	-	-	5	0	
Marroxo	20.3	28.93	35.3	22	14.1	9.8	21	31	23.4	15	-130	66	89	33	70	299	2257	5	60	15	947	-	-	-	4	0	
*Millara	21.7	32.19	38.8	22	14.1	9.6	21	9	8.0	24	-	65	93	31	-	-	-	6	45	27	-	-	-	-	3	0	
*Morelle	20.1	30.58	37.6	7	11.5	5.6	21	14	11.2	24	-127	72	98	37	63	270	2092	3	42	14	972	-	-	-	5	0	
O Cebreiro	17.7	26.29	33.0	7	11.1	4.5	10	29	9.1	24	-123	67	91	39	73	312	2344	13	57	24	875	-	-	-	7	0	
O Xipro	18.5	26.2	34.8	22	12.5	8.2	21	35	17.9	24	-115	73	95	43	66	283	2237	10	61	10	931	-	-	-	6	0	
*Olveda	19.1	27.52	35.7	22	12.1	8.3	11	7	3.5	19	-146	73	97	40	69	298	2265	5	42	9	-	-	-	-	4	0	
Pedro Murias	19.0	22.65	26.6	22	15.1	12.0	12	25	8.4	24	-96	82	92	69	55	238	1787	7	49	19	1015	-	-	-	6	0	
Penedo do Galo	16.9	20.23	30.6	22	13.9	11.8	11	30	9.9	25	-	85	98	65	53	229	1809	-	-	-	-	-	-	-	6	0	
Pol	18.3	26.09	34.3	22	12.7	8.8	21	22	11.5	24	-	74	96	41	67	289	2152	-	-	-	946	-	-	-	7	0	
Portomarín	19.6	29.78	36.1	22	11.5	7.1	11	12	4.0	14	-	73	99	37	67	288	2139	-	-	-	969	-	-	-	5	0	
Sambreixo	17.8	26.47	34.5	22	9.6	4.5	21	11	9.5	24	-	75	96	43	69	297	2173	-	-	-	-	-	-	-	4	0	
*San Clodio	22.5	32.83	39.2	22	13.4	8.1	21	6	2.6	24	-	63	95	30	-	-	-	3	31	24	989	-	-	-	5	0	
*San Fiz	20.8	29.86	35.8	22	13.8	9.3	21	17	15.9	24	-109	70	94	40	31	135	1562	6	36	20	974	-	-	-	3	0	
Ventosa	18.6	26.56	33.5	22	11.9	6.0	21	17	4.4	19	-147	68	92	37	74	316	2335	9	63	14	917	-	-	-	7	0	
*Vilamor	18.9	24.46	36.2	22	13.6	8.9	21	15	6.9	24	-108	76	91	56	51	221	1841	5	40	10	-	-	-	-	5	0	
*Xabrega	20.8	31.07	37.3	22	13.2	8.3	21	11	9.1	24	-152	65	89	31	66	283	2206	4	46	24	982	-	-	-	4	0	

\* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.  
--No hay datos  
- No se mide este parámetro en esta estación.



Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 8

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Lluvia	Helada	
<b>Ourense</b>																											
A Mezquita	20.8	28.6	33.6	7	13.2	6.8	10	3	1.6	25	-190	51	76	29	80	340	2470	9	52	24	906	3	0				
*A Portela	23.4	33.66	40.7	7	14.6	9.7	21	21	16.2	15	-161	55	88	24	73	314	2199	5	43	15	-	5	0				
*A Trabe	22.2	29.75	35.1	8	14.7	9.4	11	9	6.7	25	-181	51	75	30	-	-	2479	5	42	9	931	2	0				
Alto do Rodicio	19.1	26.07	32.3	7	12.7	7.8	10	16	7.2	24	-121	65	91	36	-	-	2166	12	58	9	910	5	0				
Amiudal	20.8	29.7	37.1	7	13.6	10.1	21	14	10.6	24	--	59	85	30	80	342	2507	8	58	9	956	3	0				
As Petarelas	22.4	32.47	38.9	7	13.9	8.7	20	4	1.5	24	-	51	80	21	78	332	2402	-	-	-	-	4	0				
Baltar	19.6	29.78	36.5	8	9.6	4.1	21	4	3.1	24	-171	60	94	25	77	328	2374	8	60	11	929	3	0				
Cabeza de Manzaneda	16.0	20.17	26.4	7	11.2	3.0	20	20	9.5	14	-152	55	82	32	69	295	2375	14	65	24	831	8	0				
*Calvos	17.5	27.74	33.9	22	6.5	1.1	21	11	10.7	24	-175	67	99	31	78	333	2477	6	42	26	-	2	0				
*Casaio	19.5	25.46	30.9	7	13.8	7.1	20	8	2.5	15	-	49	72	29	-	-	-	6	60	15	-	5	0				
*Corzos	18.2	26.62	33.3	7	10.5	4.0	10	9	2.3	14	-	59	86	33	-	-	-	7	46	24	-	5	0				
Entrimo	21.5	30.41	38.2	8	14.3	8.0	20	11	6.8	24	-	56	82	31	68	291	2282	-	-	-	-	3	0				
*EVEGA Leiro	22.2	35.46	44.2	7	11.7	7.2	20	4	4.4	24	-	62	95	23	-	-	-	2	30	9	1006	1	0				
Gandarela	21.1	30.15	36.9	22	14.1	9.6	21	10	7.6	24	-154	63	89	34	-	-	-	6	48	24	949	3	0				
Lardeira	17.6	23.08	28.9	7	12.3	4.7	20	14	3.6	26	-176	52	77	32	75	322	2424	13	97	14	845	6	0				
*Larouco	22.3	31.87	39.8	7	14.1	9.2	21	20	11.8	25	-	53	82	24	-	-	-	4	31	25	959	5	0				
Laza	22.0	31.8	38.7	7	12.9	7.9	11	7	5.8	24	-171	56	87	26	77	327	2343	7	47	24	-	2	0				
Monte Medo	20.3	28.9	35.5	7	12.2	7.2	21	11	5.4	24	-	64	94	33	74	315	2317	-	-	-	-	4	0				
O Invernadeiro	20.0	30.15	35.2	7	10.6	4.8	29	17	7.5	25	-160	56	84	28	77	309	2279	8	67	24	905	6	0				
Ourense	23.3	33.45	40.5	7	14.8	9.5	20	19	17.6	24	-	54	84	22	-	-	-	-	-	-	-	2	0				
Ourense-Estacións	23.7	33.52	41.3	7	15.7	10.8	21	10	8.8	24	-169	57	84	27	74	316	2249	4	43	9	1004	2	0				
*Pazo de Fontefiz	21.5	30.46	37.0	7	14.5	9.9	20	15	13.3	24	-147	59	83	31	60	256	2059	4	38	9	973	3	0				
*Ponte Boga	21.1	30.51	37.5	7	13.8	8.7	21	40	21.2	15	-141	58	82	30	71	305	2323	4	34	15	965	4	0				
*Prado	22.3	33.29	40.7	7	13.4	8.8	21	3	3.7	24	-	62	90	31	-	-	-	2	26	10	1004	1	0				
Remuíño	22.0	35.12	42.5	7	12.8	8.6	21	5	2.8	19	-152	67	96	28	67	287	2205	3	45	9	-	2	0				
*Riós	21.3	30.33	35.7	7	12.9	7.8	20	11	10.4	25	-169	57	86	30	68	291	2390	3	24	24	-	2	0				
San Xoán de Río	19.0	26.76	33.8	7	12.4	7.9	10	6	2.7	19	-158	66	91	36	73	313	2349	12	63	14	905	6	0				
Serra do Eixe	18.8	25.47	31.8	7	12.6	7.4	20	9	3.6	25	-175	57	82	31	77	330	2417	12	74	24	884	5	0				
Verín-Vilamaior	22.5	32.37	38.3	7	13.8	9.4	21	7	3.8	25	-183	56	84	28	74	316	2397	6	42	25	958	3	0				
Verín-Vilela	21.1	32.8	40.0	7	10.1	5.2	11	8	6.9	24	-162	66	98	30	75	321	2320	4	55	15	-	3	0				
Viana do Bolo	20.3	30.35	36.5	7	11.3	5.9	11	9	4.3	15	-159	63	93	33	74	315	2252	6	40	24	924	5	0				
*Xares	16.8	21.57	26.5	7	11.7	3.7	20	6	2.4	15	-172	55	79	36	78	335	2514	16	86	15	831	4	0				
*Xinzo	20.4	31.46	37.7	7	9.9	4.6	21	7	3.7	24	-165	68	99	35	75	320	2370	4	34	9	-	3	0				
Xurés	20.2	26.64	33.4	8	14.0	7.6	20	14	9.6	24	-186	55	82	33	81	347	2537	13	55	22	902	3	0				

\* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.  
--No hay datos  
- No se mide este parámetro en esta estación.



Red de estaciones automáticas de la CMA

Año: 2016 Mes: 8

Provincia Estación	Tª°C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humedad Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Lluvia	Helada
<b>Pontevedra</b>																											
*A Armenteira	19.9	27.2	37.5	7	13.4	9.3	18	22	14.0	19	-125	72	93	46	72	307	2363	5	53	9	-	-	-	4	0		
A Granxa	21.4	31.49	41.9	7	12.3	7.7	21	15	8.0	19	-142	69	96	37	75	321	2277	4	50	9	1014	-	-	3	0		
A Lanzada	20.5	27.07	39.2	7	15.6	10.9	13	14	9.0	19	-153	72	89	49	77	328	2329	16	77	9	-	-	-	4	0		
*Areas	22.1	31.91	42.3	7	14.9	10.7	13	14	6.2	19	-	67	90	37	-	-	-	2	26	10	-	-	-	4	0		
*Areiro	20.6	27.17	36.7	7	15.4	12.2	20	18	9.3	19	-	71	89	49	-	-	-	3	37	9	1010	-	-	4	0		
*As Eiras	21.3	28.57	38.4	8	15.4	11.5	18	23	11.2	19	-137	69	89	44	68	292	2247	3	39	9	1012	-	-	4	0		
*Barrantes	20.7	27.88	38.7	7	13.9	8.9	13	14	11.1	19	-141	72	92	47	76	325	2236	3	42	9	-	-	-	4	0		
Caldas de Reis	20.5	28.98	37.5	7	14.6	11.8	20	31	17.7	19	-	67	92	36	72	310	2305	-	-	-	988	-	-	4	0		
*Camanzo	20.5	29.32	37.5	7	13.4	9.5	21	21	10.5	24	-137	71	94	42	66	284	2203	5	42	10	996	-	-	4	0		
Castro Vicaludo	20.6	25.22	35.3	8	16.3	11.8	21	9	4.3	19	-172	63	82	43	73	314	2365	12	57	10	964	-	-	5	0		
Castrove	20.7	27.02	37.9	7	15.8	12.5	20	33	16.5	19	-146	63	83	43	70	301	2249	14	102	9	969	-	-	4	0		
*Cequelifios	23.0	34	42.3	7	15.1	9.9	20	8	4.0	24	-179	60	88	28	74	317	2327	6	40	4	-	-	-	3	0		
Corón	20.3	25.64	36.1	7	16.6	13.5	14	18	11.0	19	-143	76	91	51	77	332	2467	20	75	9	1017	-	-	4	0		
*Entenza	22.1	31.25	41.3	7	14.9	10.4	20	10	6.4	24	-128	66	92	37	64	273	2190	3	31	20	-	-	-	3	0		
Fornelos de Montes	21.4	27.24	35.3	7	16.3	10.4	20	32	12.2	19	-154	55	76	35	78	332	2216	14	92	9	939	-	-	5	0		
Illas Cíes	19.8	24.62	35.5	8	16.2	13.3	14	11	3.3	24	-134	77	91	59	70	301	2290	9	45	19	-	-	-	4	0		
*Louredo	20.1	28.11	38.5	7	14.1	10.6	21	12	6.7	24	-	72	91	48	-	-	-	2	31	20	990	-	-	3	0		
Lourizán	21.2	28.59	37.7	8	15.7	12.1	20	19	12.2	19	-127	74	93	49	68	263	2198	4	50	9	1013	-	-	4	0		
*Meder	22.4	32.05	40.6	7	14.9	10.6	20	7	4.4	19	-	58	83	30	-	-	-	2	30	10	1001	-	-	3	0		
Monte Aloia	21.1	28.91	38.0	7	15.3	10.8	21	18	6.8	24	-159	65	88	42	74	314	2342	7	39	9	964	-	-	4	0		
Mouriscade	18.6	28.24	36.3	7	9.4	3.4	21	23	19.4	24	-104	73	92	45	72	309	2242	5	40	9	962	-	-	2	0		
O Viso	21.6	30.29	41.4	7	15.0	11.8	18	8	4.3	24	--	58	84	33	--	--	2289	10	62	9	--	-	-	3	0		
Ons	19.2	24.26	32.8	7	15.6	12.9	14	12	6.6	19	-127	78	92	59	78	332	2478	19	77	9	1005	-	-	5	0		
*Pé Redondo	21.2	28.29	38.3	7	15.5	12.0	14	18	12.8	19	-128	71	91	47	67	288	2115	2	45	9	-	-	-	4	0		
Pereira	19.1	26.06	33.9	7	13.1	9.3	20	25	10.6	19	-	67	89	41	77	332	2454	-	-	-	938	-	-	5	0		
*Ponte Caldelas	21.0	28.14	38.1	7	14.7	8.5	20	20	7.6	19	-154	61	81	39	77	329	2327	5	47	9	978	-	-	4	0		
Pontevedra-Campolongo	22.0	29.91	40.1	7	16.0	12.2	20	23	12.9	19	-	66	86	42	-	-	-	3	42	9	-	-	-	4	0		
Queimadelos	22.7	32.29	40.5	7	16.5	12.6	20	14	6.7	19	-133	59	80	34	54	233	1977	2	49	9	976	-	-	4	0		
Rebordelo	20.0	28.62	39.1	7	11.6	6.9	21	26	10.8	19	-	68	94	38	76	325	2334	-	-	-	978	-	-	5	0		
Sanxenxo	21.0	27.62	39.4	7	15.9	13.2	21	21	9.8	19	-143	69	88	45	69	297	2312	4	49	9	1015	-	-	5	0		
Serra do Faro	19.0	25.49	32.7	7	13.4	8.1	10	7	3.8	24	-175	61	84	35	77	330	2392	19	80	9	908	-	-	3	0		
*Simes	20.6	28.23	38.7	7	13.9	10.4	21	16	9.4	19	-146	71	93	45	73	312	2344	2	47	9	-	-	-	4	0		
*Soutomaior	21.1	28.9	40.8	7	15.2	11.5	14	19	9.6	19	-	60	79	37	-	-	-	3	43	4	999	-	-	4	0		
*Torrequeintás	21.3	29.12	40.1	7	15.1	11.2	13	17	11.8	19	-132	63	83	37	71	306	2265	4	37	10	1011	-	-	4	0		
*Tremoedo	21.0	27.73	38.2	7	15.4	10.9	13	20	9.8	19	-	64	83	40	-	-	-	5	52	9	1011	-	-	4	0		
Vigo	21.2	26.83	37.0	8	16.2	12.4	21	13	8.2	19	-	67	86	48	-	-	-	-	-	-	-	-	-	4	0		
Vigo-Campus	20.8	25.29	35.0	7	16.9	13.5	18	22	9.0	19	-162	58	76	40	78	334	2439	7	47	9	966	-	-	4	0		

\* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.

--No hay datos

- No se mide este parámetro en esta estación.

Xesteiras		18.6		24.18		32.4		7		13.9		10.1		10		44		19.4		4		-		66		87		41		-		-		-		27		117		9		-		6		0
-----------	--	------	--	-------	--	------	--	---	--	------	--	------	--	----	--	----	--	------	--	---	--	---	--	----	--	----	--	----	--	---	--	---	--	---	--	----	--	-----	--	---	--	---	--	---	--	---

\* Mide la velocidad del viento a menos de 10 metros.

--No hay datos

- No se mide este parámetro en esta estación.